

Expediente núm.: 1240/2024

BASES PARA A SELECCIÓN QUE REXEN O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRACTICA PROFESIONAL DUNHA PERSOA GRADUADA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

PRIMEIRA.-OBJECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Concello de Silleda presentou solicitude ante a Deputación de Pontevedra, para a contratación de dúas persoas co nivel de estudos de grao que poidan ser contratadas cun contrato formativo segundo a normativa laboral vixente, a través do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS”.

A solicitude foi enviada en tempo e forma á Deputación de Pontevedra, circunstancia que se constata mediante o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de 27/09/2024 de outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS” da Provincia de Pontevedra 2024, que consta o Concello de Silleda

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, de:

- 1 PERSOA GRADUADA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

A contratación será de carácter laboral temporal (na modalidade de contrato formativo para adquirir unha práctica profesional axeitada ao correspondente nivel de estudos), a xornada completa, por un período de 12 meses. O salario bruto mensual ascende a un total de 1.981,14 euros incluídas a paga extra prorrateada e demais complementos. Nos contratos se establece un período de proba dun mes a contar dende o inicio do mesmo.

O sistema de selección será o de concurso, cunha fase de valoración de méritos.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Segundo a base décimo terceira das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS (BOP NÚM. 152 06/08/2024), determina que, as entidades colaboradoras deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, en que no lugar onde se realice o servizo deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no que constará o cofinanciamento por parte da Deputación de Pontevedra.



Igualmente, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da institución provincial.

As presentes Bases de selección estarán expostas ao público nas oficinas da Casa do Concello, e máis na páxina WEB oficial do Concello de Silleda e na sede electrónica, con dirección electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal/info.0> durante o prazo que perdure o procedemento motivo das mesmas.

O taboleiro de anuncios, sito na sede electrónica, con dirección <https://silleda.sedelectronica.gal/info.0> será o principal medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1) Requisitos específicos

Cláusula 4 da normativa "Requisitos das persoas beneficiarias dos contratos formativos.

Os contratos formativos poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) *Que estean en posesión da titulación universitaria de grao en CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE ou equivalente, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.*
- b) *Que estean inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.*
- c) *Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.*
- d) *Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.*
- e) *Que non tivese experiencia profesional nin realizasen ningunha actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.*
- f) *Que non estean contratadas en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.*
- g) *Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.*



Todos os requisitos esixidos deberán posuílos as persoas aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

2) Requisitos xerais

- Ser española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais algún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo española nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.



- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

CUARTA.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1 Forma de presentación. As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. Alcaldesa do Concello de Silleda e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario de atención ao público (9:00 a 14:00) ou mediante rexistro electrónico dispoñible as 24 horas do día.

Así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización do proceso, as persoas aspirantes que presentasen a solicitude en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico aedl@silleda.es antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

A solicitude deberá presentarse segundo o modelo que figura como anexo I,

4.2 Prazo de presentación. As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar a solicitude dirixida á Sra. Alcaldesa do Concello de Silleda, no prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte á data da citación realizada polo SPEG

QUINTA.-DOCUMENTACIÓN.

- Solicitude de participación no procedemento (anexo I).
- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Fotocopia da titulación para poder participar no procedemento de selección.
- Relación numerada de méritos (anexo II).
- Declaración responsable (anexo III)
- Unha vida laboral actualizada.



- Certificación de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
- Inscripción como demandantes ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros, un/ha presidente/a, un/ha secretario/a, e tres vogais.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación cá esixida ós aspirantes ás praza convocada.

O Tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Sra. Alcadesa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.



O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do Tribunal determinada polo Alcalde/sa, farase pública no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina Web oficial do Concello de Silleda.

SÉTIMA.-FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN.

A forma de selección será o Concurso.

As persoas candidatas, serán as que conformen a listaxe de admitidas de carácter provisional. O Concello publicará a listaxe de admitidos/as, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, xunto coa valoración de méritos e a proposta de contratación da persoa aspirante, tendo as persoas participantes un prazo de 3 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación de listaxe provisional, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas ou transcorrido o citado prazo o Concello publicará a listaxe definitiva coa proposta e contratación da persoa aspirante.

As fases do procedemento son as expostas a continuación:

Valoración de méritos.

Os criterios da valoración de méritos a valorar nos procedementos de selección enmarcados dentro do programa “+EMPREGA NOS CONCELLOS”, veñen determinadas na normativa de referencia, os cales se enumeran literalmente a *continuación*:

Anexo III Criterios de Selección

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

- a) *Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou este non se especifique valorarase con 0.00 puntos.*
- b) *Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto 2,00 puntos.*



c) *Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.*

d) *Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).*

e) *Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento (xornadas, congresos, seminarios ou similares) organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:*

- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.*
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso*
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso*
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso*
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso*

f) *Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 4, nos postos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos*

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:



Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinale o concello.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada no punto e) do apartado de Valoración de méritos da base sétima.

As puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica ou páxina web do concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo.

Rematada a fase de valoración de méritos, o Tribunal calculará a cualificación final, entre as persoas participantes que superaran a mesma, emitíndose un anuncio coa listaxe provisional por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, na sede electrónica, con dirección <https://silleda.sedelectronica.gal/>. Establecerase un período de dous días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas para a realización das alegacións ou revisións que se estimen oportunas por parte dos/das aspirantes.

Unha vez finalizado o período de alegacións e/ou revisión das cualificacións, e habéndose resolto estas polo Tribunal no caso que as houbera, o Tribunal dará o procedemento de selección por finalizado, establecendo unha listaxe das persoas aspirantes por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, na sede electrónica, con dirección <https://silleda.sedelectronica.gal/> No caso de non haber alegacións que resolver, a listaxe e puntuacións de carácter provisional pasa a adquirir o carácter de definitivo.

OITAVA.-DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.



O Tribunal, á vista dos resultados obtidos, propondrá ó órgano competente a contratación da persoa aspirante que obtivese as maiores puntuacións, sobre a listaxe creada a tal efecto sen que, en ningún caso, poida superar o número de persoas propostas o das prazas convocadas.

Para a realización do chamamento sobre a listaxe de aspirante en base ás puntuacións finais, unha vez que o persoal competente da Área o estime oportuno, a persoa encargada de tal acto emitirá o informe ou dilixencia para dar constancia do mesmo, e incluíndoo no expediente.

En caso de que unha persoa candidata, unha vez realizado o chamamento para ocupar o posto, non acceda a ocupar o mesmo, se procederá ao chamamento da seguinte persoa candidata por rigorosa orde de puntuación, e así sucesivamente, ata ocupar a praza obxecto do mesmo.

O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de todas as persoas aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte a Alcaldesa será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de toda as persoas aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado o 1 de novembro 2024 ou 15 de novembro 2024, dependendo do estado de tramitación do expediente de selección do persoal e de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso. O Tribunal Cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que se expoñan na súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Administración Municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das Resolucións dos Tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015 do día 1 de outubro.



ANEXO I

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN QUE REXE O PROCEDEMENTO PARA A
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA
ADQUIRIR PRÁCTICA PROFESIONAL NO CONCELLO DE SILLEDA COMO **GRADUADO/A EN
CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE**

Nome apelidos.....núm.DNI.:.....
.....con endereço a efectos de notificación
en con núm. de
teléfono correo e.....

EXPÓN:

Que desexa participar na selección para a **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL
MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRÁCTICA PROFESIONAL COMO
GRADUADO/A A EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE**

Fai constar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas Bases, que coñece e
acepta as bases da convocatoria e aporta a seguinte documentación:

- Solicitude de participación no procedemento (anexo I).
- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Fotocopia da titulación para poder participar no procedemento de selección.
- Relación numerada de méritos (anexo II).
- Declaración responsable (anexo III)
- Unha vida laboral actualizada.
- Certificación de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
- Inscripción como demandante ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

SOLICITA:



Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases

Silleda, de de 2024

Asdo.:

SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II

RELACIÓN NUMERADA DA DOCUMENTACIÓN APORTADA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRÁCTICA PROFESIONAL NO CONCELLO DE SILLEDA COMO **GRADUADO/A A EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE**

Nome e apelidos:
número de DNI.:

Todos os méritos alegados deben ser xustificados na forma que se determina no baremo. A documentación presentada irá agrupada por orde ascende de apartados.

Nº Apartado do
baremo (base 7ª)

DOCUMENTOS



Se fose preciso presentar varias follas coa relación de méritos, deberán presentarse todas numeradas a asinadas.

Silleda, de de 2024

Asdo.:

SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

Anexo III DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e
apelidos.....núm.DNI.:.....con
endereço a efectos de notificación
en con núm. de
teléfono correo e.....

Que de ser contratado/a para adquirir práctica profesional no concello de Silleda como graduado/a EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE, Declara responsablemente:

- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar



inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Silleda, de de 2024

Asdo.

